

2017

Outono Cultural



Teatro

**Auditorio de Bembibre
VAL DO DUBRA**

OUTUBRO

**07 sábado 20:00 GHAZAFELLOS
(TEATRO FAMILIAR)**

“Rubicundo”



Ghazafellos é una compañía nada en Narón no ano 2006. Iníciáanse con pequenas obras de títeres, contacontos e teatro de rúa, especializándose en teatro actoral. En pouco tempo consolídanse como una das compañías galegas de referencia para público familiar. No Outono Cultural 2016 representaron “Bon Appétit”, un espectáculo cargado de sabores e cheiros onde tres cociñeiros, seguindo as receitas de Álvaro Cunqueiro, cociñan una comedia total en clave de clown. Nesta ocasión disfrutaremos con Rubicundo.

SINOPSE: Todas as noites, Rubicundo, sae na súa bicicleta enriba da árbore do seu xardín rumbo á noite pecha. Semella que ninguén repara nesta personaxe enfundada nun gabán e sombreiro de copa. Ninguén agás Erea. Disposta a chegar até o fin daquel misterio... Pois así era esta rapaza... curiosa e soñadora...

Rubicundo cóntanos unha fermosa historia sobre a amizade, a constancia e a poesía, abríndonos a posibilidade de perseguir os nosos soños sen sentir límites nin distancias.

FICHA ARTÍSTICA:

Autora: María Canosa

Adaptación e dirección: Pepablo Patiño

Escenografía: Ghazafellos

Elenco : Montse Piñón, Jorge Casas e Pepablo Patinho

Duración 60 minutos



OUTUBRO

14 sábado 21:00 CULTURA ACTIVA

“Falar sen cancelas”

Hai xente que fala por falar. Outros falan polos cóbados. Algúns falan os sete falares. E non son poucos os que falan do xato e se esquecen do trato. Porque prefiren falar dos biosbardos, das nubes ou do sexo dos anxos antes que ir ao conto. Soltar unhas parrafadas -mesturando o allo co bugallo e sen querer quitarlle lobos ao asunto- é unha arte que, se se manexa ben, dá xenio escoitar. En definitiva, que o falar non ten cancelas; porque temos, igual que acontece coa choiva, mil e unha maneiras de describir as nosas formas de conversar.

Ficha artística

Elenco: Fran Rei, Isabel Risco,
Pedro Brandariz

Dirección: Diego Rey

Xéneros: Comedia, clown
e improvisación

Público: Adulto

Tipo espectáculo: Teatro adult@s

Duración: 75 minutos



21 sábado 21:00 CULTURA ACTIVA

“Dous son parella”

Conxunto de monólogos e sketches sobre as relacións de parella, unha sorte de terapia en grupo onde o fin último é rirse dun/ha mesmo/a. Celso Fernández Sanmartín, Premio ao Mellor Actor no Festival de Teatro Galego do Carballiño 2015, é contacontos e poeta. Leva anos recollendo a nosa tradición oral de boas fontes e engadíndolle o seu particular humor e a súa arte para narrar. Pola súa banda, José Manuel Puente “Isi” é un habitual colaborador en distintos programas da TVG. Gañador do programa da TVG “O rei da comedia”

Ficha artística

Elenco: Celso Fernández Sanmartín, Isi

Dirección: Xosé Lueiro

Géneros: Comedia, narración oral

Público: Familiar

Tipo espectáculo: Teatro adult@s

Duración: 75 minutos





28 sábado 20:00 TÍTERES TROPICALLO (TEATRO FAMILIAR)

“Violeta Coletas, contra as salchichas Gulp”

A Violeta gustaríalle comer salchichas todos os días, tamén lle gustaría perder de vista ao pesado do seu irmán Lois. Quen o mandaría vir? Co ben que estaba sen el! Agora todo é diferente, a nai e o pai sempre andan ás présas e xa non teñen tempo para elas: cueiros, cacas, comidiñas... Isto non é vida para unha nena! Oxalá Lois desaparecera e non volvea a velo nunca máis! Oxalá puidera ver a tele, saír cos amigos e comer salchichas sempre que quixera! Violeta axiña descubrirá que os desexos se poden facer realidade.

FICHA ARTÍSTICA:

Autoría: Marian González e Luís González

Dirección: Marian González

Titiriteirxs:

Sabela Amado Rojo

Luís

Marián González

Deseños artísticos:

Quique Bordel

Músicas: Ignacio Sanz

Duración: 55 minutos



NOVEMBRO

11 sábado 21:00 A POMBIÑA

“A invitada”

Beatriz é nativa das Fragas do Eume, e recibe unha invitación para asistir a voda da súa prima (a cal non coñece). Decide desprazarse a casa do seu tío e coñecer a súa familia, descubriendo que o seu tío é en realidade un alto cargo da Xunta de Galicia, que quere levar a cabo un proxecto que non gusta os habitantes do Eume. Pero esa non será a única sorpresa que espera ... A INVITADA.

O grupo de teatro afeccionado “A Pombiña” foi creado no ano 1979. Nos comezos adicouse ao teatro clásico. Na actualidade son comedias escritas por Beatriz Couce Calvo.

FICHA ARTÍSTICA

BALDOMERO (presidente) - Juan Manuel Vidal

PURI (esposa do presidente) - Puri Mira

ROSA (sogra do presidente) - Rosa Couce

NURIA (filla do presidente) - María José Couce

CHANCHULY (escolta) - Pablo Lombao

CHENYU (noivo de Nuria) - Fernando Romero

NEMESIO (mayordomo) - Carlos Lombao

BEATRIZ (invitada) - Betty Couce

NARRADOR - Andrés Castro

CHOFER - Diego Romero

COCIÑEIRO - Juan Bouza



18 sábado 21:00 O ATRURUXO DE MELPÓMENE

“Terapia de bar”

Unha comedia de terror, vicios e manías. O bar “Da costa” non está na costa. É un bar perdido no medio do monte, lonxe de calquera sitio, onde rara vez para ninguén e cando o fai, non volve nunca máis . A propietaria do bar e os seus dous únicos clientes habituais, movidos polo aburrimiento e tamén polo seu desequilibrio psíquico, deciden converterse en salvadores da humanidade e elaboran un plan para eliminar do mundo os vicios que segundo eles son os culpables de todos os males do ser humano: o xogo (aínda que sexa a brisca), os avances tecnolóxicos (aínda que só sexa unha chamada polo móbil) e a ambición desmesurada polo diñeiro (aínda que o único síntoma sexa non deixar a propina axeitada.)

Cada cliente que teña a mala sorte de entrar no bar “Da costa” comprobará nas súas propias carnes as terribles terapias que lles aplicarán os “salvadores” para liberalos dos seus vicios: acupuntura con coitelos de matar porcos, hipnose a base de facerlle inxerir ao paciente varias caixas de pastillas para durmir, ou exorcismos con litros de licor café que introducen no “vicioso” para sacarlle o demo do corpo. Cada terapia elimina efectivamente cada vicio, aínda que con pequenos danos colaterais: tamén pode eliminar ao paciente.

TERAPIA de bar non é “A matanza de Texas”, pero coidado, tampouco é “La casa de la Pradera”. Se se atreven, visiten o “Bar Da Costa”.

Creación colectiva.

Dirixida por Jose Prieto.

Interpretada por:

Juanín Ares Gondell,

Xosé M.Felpeto,

Chani Hernández

Maite Da Costa,

Chus Olivares,

Ruth Fernández.

Para todos os públicos.

Duración: 75 minutos..



NOVEMBRO



25 sábado 20:00 TEATRO DA SEMENTE

(Teatro familiar)

"Gretel e Bela"

Gretel e Bela é unha obra que combina o teatro actoral, os monicreques, a manipulación de obxectos e a música. Gretel (personaxe extraída de Hansel e Gretel) e Bela (a Bela Adormecida) atópanse nun bosque e comezan xuntas unha viaxe iniciática cara a crecemento persoal sen necesidade de príncipes nin palacios. Tras explorar e experimentar no tránsito do bosque á cidade -da nenez á madurez- as dúas amigas pasarán por un trance que cambiará as súas vidas, poñendo en alza o valor da valentía e da amizade ate chegar á autonomía, a liberdade e o amor por elas mesmas.

FICHA ARTÍSTICA:

Texto: Manuel Lourenzo

Dirección artística: Teatro da Semente

Actrices: Raquel Queizás e Chus Álvarez

Vestuario: Marcia Edleditsch

Música: David Díez

Deseño de luces: Daniel Piñeiro

Duración: 50 minutos



DECEMBRO

02 sábado 21:00 TEATRO DO SOLPOR

"Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron"

+13

Teatro do Solpor pon en escena unha comedia moi divertida e irreverente. Escrita hai máis de dous mil anos, segue vixente a súa loita contra o abuso ás mulleres e a súa visión en prol da paz.

LISÍSTRATA: Lola Varela, ASPASIA: Lolita Viaño, CALÓNICA: Carmen Souto, FILANETA: Carmen María Alonso, CRATINA: Portal Fernández CLINARETA: Asun Mariñas, SÓSTRATA: M^a José Pardo, MÍNICE: Digna PRAXÁGORAS: Montse Villar, MIRRINA: Lourdes Santos, LAMPITO: Pilar Gato, TISANA: Carmela García,

ARISTIDES: Juan Montenegro,

PEIDORO: Anxo Ramírez,

CREMES: José Manuel Gendra

DIRECCIÓN: Xurxo Barcala



OUTUBRO

07 sábado 20:00 GHAZAFELLOS (Teatro familiar)

"Rubicundo"

14 sábado 21:00 CULTURA ACTIVA

"Falar sen cancelas"

21 sábado 21:00 CULTURA ACTIVA

"Dous son parella"

28 sábado 20:00 TÍTERES TROMPICALLO (T. familiar)

"Violeta Coletas, contra as salchichas Gulp"



Concello de
Val do Dubra
Val do Dubra. naturalmente

NOVEMBRO

11 sábado 21:00 A POMBIÑA DE NARÓN

"A invitada"

18 sábado 21:00 O ATURUXO DE MELPÓMENE

"Terapia de bar"

25 sábado 20:00 TEATRO DA SEMENTE (Teatro familiar)

"Gretel e Bela"



DECEMBRO

02 sábado 21:00 TEATRO DO SOLPOR

"Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron"

Deputación
DA CORUÑA